

## **ACTA DÁ SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2019**

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Muras, o vinteoito de agosto de dous mil dezanove, re3nese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesi3n p3blica ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL  
DONA CRISTINA FRANCO PARDO  
DON MARIO ROUCO REY  
DONA MARIA EUGENIA REQUEIJO CHAO  
DON JES3S TRASTOY CAMBA  
DON ALBERTO D3AZ D3AZ

D3 fe do acto o Secretario accidental do Concello don Jos3 Orosa Gonz3lez.

Sendo as vinte horas pola Presidencia declarase aberta a sesi3n.

### **1.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESI3NS ANTERIORES.**

O Alcalde pregunta se lles foron remitidas en tempo e se hai algunha alegaci3n 3s actas de anteriores sesi3ns, v3tase primeiramente a de 4 de xullo de 2019, que se somete a votaci3n aprob3ndose con catro votos a favor, pertencentes aos tres membros do BNG e o membro do PsdG-PSOE, e tres abstenci3ns, estas do grupo municipal do PP. A continuaci3n v3tase a de data 8 de agosto de 2019 que se aproba por unanimidade dos concelleiros presentes

### **2.- APROBACI3N, SE PROCEDE, DOS FESTIVOS LOCAIS**

O Sr. Alcalde-Presidente d3 lectura da seguinte proposta para a s3a aprobaci3n polo Pleno da Corporaci3n:

“Visto o requerimento da Xunta de Galicia, Delegaci3n Territorial de Lugo, Xefatura Territorial da Conseller3a de Econom3a, Emprego e Industria, mediante o cal, e de acord3 coa normativa vixente, en concreto os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores na s3a redacci3n dada polo Real Decreto Legislativo 2/2015 de 23 de outubro e os artigos 45 e 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, o Concello de Muras (Lugo) ten que notificar 3 Xefatura Territorial de Emprego os dous d3as que se fixan como festas locais do Concello, as3 como a denominaci3n da Festividade que se celebra. En uso das atribuci3n que me confire a lexislaci3n vixente, propon3 ao Pleno a adopci3n do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Fixar como festivos locais do Concello de Muras para o ano 2020 os seguintes:



- 25 de febreiro de 2020, martes de Entroido
- 29 de xullo de 2020, San Pedro de Muras

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente a cordo a Xefatura Territorial de Emprego, Economía e Industria.

Non obstante, o Pleno adoptará o que estime oportuno”.

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda aprobar a proposta de Alcaldía.

### 3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.

O Sr. Alcalde toma a palabra e da lectura da seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno do Concello:

“O presente expediente de modificación de créditos ao vixente Orzamento municipal adopta a modalidade de transferencia de créditos entre partidas pertencentes a distinto grupo de función, de acordo co seguinte detalle:

**Altas en partidas de gastos**

Partida		Descrición	Euros
Funcional	Económica		
334	22609	PROMOCION CULTURAL. GASTOS DIVERSOS	7.850,00€
454	610	CAMIÑOS VECIÑAIS. INVERSIÓN DE REPOSICIÓN	4.747,73€

**Baixa en partida de gastos**

Partida		Descrición	Euros
Funcional	Económica		
165	48300	ALUMEADO PUBLICO. TRANSFERENCIAS CORRIENTES A FAMILIAS E INSTITUCIÓN S EN FIN DE LUCRO	12.597,73€

A presente modificación obedece a:

a necesidade ven xa que o camiño de terra que comunica o núcleo de A Margarida co de A Igrexa, na parroquia de Silán, remata xusto no medio da explanada do Campo fa festa de Silán, pavimentado con aglomerado asfáltico.. As actuacións consistirían no retnqueo do camiño.

- en canto á promoción cultural, dado que temos no grupo de goberno nova concelleira na área de cultura, ten novos proxectos que desexa desenrollar ao longo do que resta deste ano 2019.

Por tanto e tendo en conta o exposto, considéranse que os gastos propostos son totalmente necesarios e que non poden demorarse para o próximo exercicio, propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:



PRIMEIRO.- APROBACIÓN de expediente de modificación de créditos ao vixente Orzamento municipal mediante a modalidade de transferencia de créditos entre partidas pertencentes a distinto grupo de función, de acordo co detalle ao principio indicado.

SEGUNDO.- Aprobada inicialmente a modificación, exporase ao público, previo anuncio no BOP de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. A modificación se considerará definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO.- Contra a aprobación definitiva da modificación poderase interponer directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción.

Non obstante o Pleno adoptará o acordó que estime oportuno”

Sometida a proposta a votación, apróbase por unanimidade dos membros presentes.

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2019-2020.**

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que durante o ano 2018 houbo un desequilibrio de 1188,02 euros, e entón dende o Ministerio obríganos a facer un Plan económico financeiro. Esta diferenza débese a dúas cuestións, dende a Xunta houbo dúas subvencións, executouse a obra, pagouse e logo na xustificación din que non nola dan, tivemos que tirar de fondos propios, era a obra do Peim e dunha actuación social. Isto obríganos a facer este axuste, comprometémosnos a unha serie de cuestións para o ano 19 e 20. Non sei se queredes comentar algo.

Non se producen intervencións.

Pásase á votación da proposta da Alcaldía, para a súa aprobación polo Pleno do Concello que no seu literal di:

“Despois de ver o informe de Intervención 2019-0009 de data 05.04.2019 relativo á avaliación do cumprimento de obxectivo de estabilidade orzamentaria, de regra de gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do orzamento xeral do ano 2018, no que se constata o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de regra de gasto para o exercicio 2018.

Tendo en conta que en aplicación do art. 21.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, na súa redacción dada polo apartado sete do artigo primeiro da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, no caso de incumprimento do obxectivo da estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración incumplidora formulará un plan económico-financieiro que permita o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto no ano en curso e no seguinte.

En consecuencia, e ante tal incumprimento, a aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira faise necesario a elaboración dun plan económico-financieiro que lle permita ao Concello o cumprimento dos obxectivos de estabilidade



orzamentaria e de regra de gasto, como máximo, a 31.12.2020, é dicir, con motivo da liquidación do exercicio 2020.

Despois de ver o informe do plan económico-financieiro do Concello de Muras para o período 2019/2020 suscrito por esta Alcaldía o 07.08.2019, e considerando que devandito plan é conforme ao que e determina na normativa que resulta de aplicación.

Despois de ver o informe da Interventora municipal de data 07.08.2019.

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción da seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobado o plan económico-financieiro do Concello de Muras para o período 2019-2020 nos termos que constan no documento anexo que se considera parte integrante deste acordo.

**SEGUNDO.-** Dar traslado deste acordo á Interventora municipal e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira (Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia), así como á Comisión Nacional de Administración Local.

**TERCEIRO.-** Levar a cabo a publicación deste plan en aplicación das normas que resultan de aplicación para os orzamentos das entidades locais, mediante a súa exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, publicación esta que será só a efectos informativos.

Con todo, o Pleno acordará o que estime pertinente”

Sometida a proposta a votación, apróbase por unanimidade dos membros presentes.

## **5.- ELECCIÓN, SE PROCEDE, DE XUÍZ DE PAZ SUSTITUTO.**

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que temos un xuíz de paz titular, e no seu momento comunicáronnos que tiñamos que elixir un sustituto, a que se presentara retirouse e agora preséntase Silvia Lamelas Soto, a Secretaria deste Concello.

Pásase á votación da proposta da Alcaldía, para a súa aprobación polo Pleno do Concello que no seu literal di:

“Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 166 de data 20.07.2019, publicouse o Bando do Alcalde deste Concello, polo que se abría prazo de dez días hábiles para que as persoas que estivesen interesadas e reunisen as condicións legais, solicitarán ser nomeadas Xuíz de Paz substituto, mediante instancia dirixida á Alcaldía.

Que se presentaron dentro do prazo as seguintes solicitudes:

Núm. de rexistro de entrada: 2019-E-RC-1238 de data 26.07.2019. Nome e apelidos: Silvia Lamelas Soto.

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:



1.- NOMEAR a dona Silvia Lamelas Soto, como Xuíz de Paz sustituto no Concello de Muras.

De conformidade co artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, o Acordo do Pleno do Concello será remitido ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do partido, que o elevará á Sala de Goberno

Non obstante o Pleno acordará o que estime oportuno”

Sometida a proposta a votación, apróbase por unanimidade dos membros presentes.

## **6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA DO SAF.**

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar que unha vez aprobada polo Pleno a Ordenanza, a Xunta nos comunicou que hai que facer unhas modificacións puntuais explicadas pola Traballadora Social na comisión informativa e que van orientadas a modificación de normativa e de actuacións do persoal.

Pásase á votación da proposta da Alcaldía, para a súa aprobación polo Pleno do Concello que no seu literal di:

“Aprobada polo Pleno do Concello a Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar e publicada no BOP núm. 204, de 5 setembro de 2018 precísanse algunhas modificacións na mesma, segundo requirimento por parte do servizo de inspección da Consellería de Política Social, e que a seguir se relacionan:

Onde di:

**Artigo 3º:** “.....3. Tamén, con carácter subsidiario do programa de educación e apoio familiar , poderá dar unha resposta preventiva, educativa e socializadora fronte a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.....

debe dicir:

“.....3. O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

**No Artigo 4º :**

- **Apartado 1.a.:** Inclúese este paragrafo a maiores :”..... Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.”
- **Apartado 1.b.:** Inclúese este paragrafo a maiores :”..... Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio....”



- **Apartado 1.d.:**

Onde di:

“... as atencións de carácter psicosocial e educativo enfocadas ao desenvolvemento das capacidades persoais básicas, á mellora da convivencia, integración na comunidade e mellora da estrutura familiar.

Debe dicir:

“...as atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar...”

- **Apartado 2.:** inclúese a maiores o seguinte parágrafo: “.....Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares

**Artigo 4º:**

Onde di:

**“4.....QUEDAN EXCLUÍDAS COMO ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL:**

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.
- No caso de usuarios diabéticos, os auxiliares non poderán realizala administración vía inxectables, cortar uñas dos pés ou mans, nin asear calquera tipo de ferida.
- Cambios de sondas, cura de drenaxes, cambio de material de traqueotomía, cura de gastrotomía, administración de medicación sen prescrición médica escrita, revisión de sondas nasogástricas, administración de medicamentos por vía parenteral, e calquera outro proceso complexo de enfermería, agás os realizados de xeito cotiá pola persoa coidadora habitual (alimentación sonda, aspiracións,...).

**QUEDAN EXCLUÍDAS COMO ATENCIÓNS DE CARÁCTER DOMÉSTICO E DA VIVENDA:**

A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo do servizo; así como as seguintes:

- Limpar o exterior da vivenda, escaleiras, e portais.
- Mobilizar e limpar persianas e ventanais que conlevan asomarse o exterior.
- Abrillantalos obxectos de prata e dourados, obxectos e mobles de pel.
- Dar cera a mobles e chans
- Dar branqueador as baldosas
- Fregar de xeonllos
- Lavar roupa a man
- Empregar produtos tóxicos de limpeza
- Pasalo ferro a roupa interior, panos de cociña e de limpeza
- Limpar habitacións ou realizar tarefas para familiares autónomos que vivan no domicilio ou estean de visita.



- Subirse a cadeiras, mesas, escaleiras..., que non reúnan as suficientes garantías de seguridade
- Limpar excrementos de animais.....”

Debe dicir:

**4.** En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

#### **ARTIGO 7º.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.**

- Suprímese este apartado:

”..... Estar presente no domicilio para que se poda prestar o Servizo e respectar o acordado no proxecto de intervención.....”.

No **ARTIGO 8º.- CAUSAS DE DENEGACIÓN DO SERVIZO**, onde di:

1. “..Desistir doutros servizos ou prestacións derivadas da aplicación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía persoal e Atención á Dependencia, .....”

Debe dicir:

“..Desistir doutros servizos ou prestacións (no referente a prestación do servizo de axuda no fogar de libre concorrència) derivadas da aplicación e desenvolvemento do Sistema para a Autonomía persoal e Atención á Dependencia, .....”

2. Elimínase o apartado que di: “....A negativa á sinatura do acordo da prestación do Servizo e proxecto de intervención.....”

**ARTIGO 9º.- CAUSAS DE EXTINCIÓN OU MODIFICACIÓN DO SERVIZO.** Onde di:

Apartado 3: “.....3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, a incoación por parte da entidade titular do servizo.....”

debe dicir:

“.....3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á



Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo.....”

### **ARTIGO 13º.- REQUISITOS ESPECÍFICOS.(da sección 1º , do capítulo II)**

Inclúe un último parágrafo referido á protección de datos

“En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679, de 27 de abril (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2008, de 5 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal”

Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar as modificacións da Ordenanza Municipal Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar publicada no BOP núm. 204, de 5 setembro de 2018, que veñen de enumerarse con anterioridade.
- 2.- Aprobadas inicialmente as modificacións, expóranse ao público, previo anuncio no BOP de Lugo, por vinte días, durante os cales os interesados poderán examinalas e presentar as reclamacións ante o Pleno. De non presentárense reclamacións contra as mesmas, enténdense definitivamente aprobadas.

Non obstante o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno”

Sometida a proposta a votación, apróbase por unanimidade dos membros presentes.

### **7.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS.**

O Sr. Alcalde toma a palabra e indica que están adxudicadas todas as obras do Fondo de Compensación Ambiental, a traída de augas á Xestosa nos tres lotes e indica a que empresas e o estado das obras; o mesmo para o Centro de interpretación medioambiental e as obras da baixa do Plan Único da Deputación.

Son as resolucións máis importantes, están a disposición de quen queira acceder a elas solicitando por escrito. Respecto a brigada contratada polo verán están con traballos de desbroce como tódolos anos e rematarán a finais de verán.

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Alcalde toma a palabra indicando que non sabe se o Partido Popular quere facer algún rogo ou pregunta.

Toma a palabra a Sra. Requeijo Chao para dicir que quere comezar facendo tres preguntas para resolver; sobre a piscina queríamos saber por qué están paradas as obras da piscina dos nenos. A seguinte pregunta, os peóns da brigada de incendios, sei que





algúns se foron, porque non se cubren as prazas libres; e por último, da Feira do poldro, canto se vai gastar este ano. Estas preguntas, logo quero seguir.

Contesta o Sr. Alcalde dicindo que disculpe pero aquí quen da o turno de palabra é o Alcalde, faga todas as preguntas e contestoas todas xuntas.

Volve a tomar a palabra a Sra. Requeijo Chao para indicar que no tema da acta non votaron a favor porque empezache mal dicindo que contamos mentiras, pareceunos falta de respecto, collín frases no video... collín os sueldos que dixestes e en números redondos eran sesenta e nove mil, na casa deume setenta e un mil cento sete con ochenta e oito euros, o que pedía é que aplicaras o que dicías no programa, que rebaixarades o sueldo, eu non vexo que vaia tan ben para esas cantidades. Dixeches do anterior mandatario e concelleiros que eran 100.000 euros, certo, pero era adicación completa, vós sodes tres parciais... co 100% sería o mesmo, entón non digades que aforrades diñeiro, é que a lei non o permite. Por último no tema da nómina faise referencia á diferenza entre o que é líquido e o gasto total, sen os descontos, o coste total ao Concello. Por último dixeches que perdías diñeiro por vir aquí, non temos culpa diso, ninguén che quita de volver. Iso polos soldos, agora como nos dis que non contamos verdade nos tamén dicimos que non a contas, Alberto vai repartir unhas cartas que recibín asinada por ti, pola axuda por natalidade, sábese a miña vida, tiven unha nena, o anterior mandatario daba axudas duns 300 euros por neno, eu solicitei, non recibín resposta, volví a solicitar xunto con outras cousas, e a resposta é que non se me pode dar, porque non hai esa liña de axudas neste Concello pero valórense outras no seguinte orzamento. Vin en persoa, non estabas, falei con Belén, e dixechesme que non as había, que as anterior eran algo irregulares e que habería no próximo ano un detalle ou algo. Funme, non dixen nada. Pero cando xa era candidata, na precampaña o Sr. Alcalde no Pleno de 8 de marzo de 2019, di que esa axuda de 300 euros a hai dende o primeiro ano. Entón quero saber quen conta as medias verdades.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, afirmando que como dixu cobra menos aquí que no seu traballo, non digo que sexa culpa vosa, só puxen a cuestión enriba da mesa. É certo que está parada a piscina infantil, entendemos que nos meses de verán se vai dar uso á piscina para adultos e non ten xeito facer obras, non tomamos decisións sen seguir un criterio, hai un proxecto, cando abre a piscina, se paran esas obras. Respecto aos peóns da brigada de incendios ou forestais, fixéronse dúas seleccións públicas, houbo unha xente que se contratou e unha xente para a lista de substitutos, na brigada forestal houbo unha baixa e se chamaron a tres persoas da lista, veciños de Muras, e ningunha quixo vir traballar, hai a posibilidade de facer outra selección ou ampliar os contratos, solicítouse á Xunta para ampliar os prazos, inda non tivemos resposta. Respecto á brigada de incendios, o mesmo procedemento, convocatoria pública, méritos, fanse probas, fanse agora, antes non se facían, mirando os expedientes non atopas bases nin probas, no ano 2015 estás ti como técnico de prevención de riscos laborais, non hai expediente, non se sabe moi ben como empezaches a traballar. Na brigada de incendios se convocaron probas noutros concellos, houbo unha primeira renuncia, se tirou da bolsa, o primeiro estaba noutro sitio e entrou o segundo; hoxe houbo outra baixa e inda non valoramos o proceder. Respecto á Feira do Poldro, está delegada en Belén. Respecto ás cuestións que falas sobre axudas a nenos, eu creo que está fóra de toda duda a implicación deste equipo de goberno no trato e preocupación polos nenos e nenas deste Concello, abrimos un PAI, moitas trabas, a Xunta non quería que se abriera, hoxe hai máis de 5 nenos que sería o máximo dunha casa-niño, e con solicitudes chegando.



Cando chegamos no colexio había goteiras, no seu mantemento asúmense competencias que unhas son e outras non, no primeiro ano gastáronse 3.000 euros, para a Xunta todas son obras menores con tal de non facer inversións. Non sei nese minuto xusto o que dixen, ao mellor me equivoquei, o que teño claro é que o Concello neses anos non deu ningunha axuda, se o dixen é erróneo.

A seguir dálle a palabra á Sra. Chao Ramil que indica que respecto á Feira inda se están facendo as estimacións, non hai facturas pero será en torno aos 35.000 euros, como o ano pasado.

Logo toma a palabra o Sr. Rouco indicando que leva o tema de incendios, temos claro o procedemento, fixemos un cambio, pasamos a non externalizalo, temos unha relación estricita coa xefa de Montes en Vilalba. Non sei como se traballaba antes, como se facían os procesos antes?, pedimos o mínimo do mínimo que nos esixen e naide quere, veñen empresas de formación, temos un blog de emprego importantísimo, fálase, dase publicidade e por diversos motivos non hai xente, as ganas de traballar morreron. Non sei como se facía antes, non mirei o montón de expedientes do rexistro pero nos anos que recordo eu brillaban pola ausencia. Falamos das contestacións da Xunta, eu sigo esperando, Balseiro na entrega de diplomas referiuse ao Alcalde, a súa compañeira de partido, a min non, quizás porque van 3 ou 4 cartas para unha reunión, a última neste mes, por cousas clave, polo colexio, o centro de saúde... o trato foi que non é o momento nen o lugar; as formas foron as correctas pero levo dous anos esperando por unha reunión, lévase pedido as entradas do Concello, falábase das estradas da Deputación, vense os tramos como se fixo, esperemos que tomen exemplo, que nos fagan caso, se non teremos que facer como cando foi o viaxe do lobo, ao final apoiamos á asociación e fumos. Hai que poñerse as pilas, vén vender as obras do que nos dan e nós temos que facer o procedemento, e ao fin denégannolas moitas veces. A ver se chega esa reunión e dan solucións competenciais.

Pide a palabra a Sra. Requeijo Chao para indicar que falando das probas de selección cando gañache e me presentei fixen as probas pero a entrevista non, puiden denunciar pero non, por tanto algunhas probas son sospeitosas. O tema do PAI, teño ahí a miña filla, está empadroada, a casa niño non costaría nada, nin á xente nin ao Concello, o PAI costounos uns 200.000 euros según pon en internet a licitación pa en Muras haber dúas nenas, o resto son de fóra, en total 6 e noutros concellos limítrofes funcionan con casas niño. E por último según o voso programa a axuda da luz funciona, pero di que o 100% da factura para tódolos veciños e que sepa eu non a pagas, o consumo. A vosa a transparencia é a da auga da piscina.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para darlle as grazas e indicar respecto a selección de persoal entendo que hai unhas bases, igualdade de méritos, publicidade, unhas probas, se se superan hai entrevista. É o normal, con este goberno non hai vinte mañana que hacemos el contrato. As probas son públicas, publicítanse. Respecto ao PAI é unha licitación pública, a cantidade que dis non me soa, a obra custou 70.000 euros, e a calidade de ensinanza do PAI está a anos luz da dunha casa niño, e estas inda non existían.

Toma a palabra a Sra. Chao Ramil para indicar que no seu momento iniciárase a tramitación do PAI, e ninguén dixera que estaba interesado en abrir unha casa niño. Que saiba tódolos nenos que están son ou teñen relación directa con Muras menos un.



Retoma a conversa o Sr. Alcalde indicando que se está traballando na liña de que ten que haber nenos no PAI, de Muras ou fóra, para que non se cerre o colexio.

Hai unha última cuestión que é o tema da piscina, cumpre con Sanidade, veu o inspector e deu ben, hai que falar con coñecemento, a piscina cumpría antes e cumpre agora, houbo anos, polo 2004, non cumpriu, tiña do máis variado. Por certo, a Área da Veiga ten un cartel que di que non se pode pasar, é para disfrute do todo o mundo, non se pode circular nin aparcar, e sen embargo todos para dentro, aproveito para pedirlllo á xente, e os membros da corporación temos que predicar co exemplo. Retomando creo que hai que falar con coherencia e saber do que se fala, a ninguén se lle impide acceder aos expedientes. Presentaches un escrito da Aldea etnográfica, unhas obras que se fixeron sin permisos, sen autorizacións da Xunta, preguntas que imos facer? Iso nos preguntamos, levamos catro anos estudando, contratábase as obras e facíanas os traballadores da brigada..., está no Xulgado, esperaremos que resolva e que nos diga. Do tema dos desbroces asinouse un convenio, desbrozouse en maio, este Alcalde non leva as vacas para alí, a maleza medra, e ata que se informa o convenio non se pode empezar, por iso hai que consultar os expedientes. Fala tamén da auga da Xestosa, haberá unhas vinte casas, esta corporación ten que mirar por tódalas melloras na calidade de vida, é básico dotar os veciños de auga con mínimos sanitarios. Aproveitar a auga de Montouto que está legalizada, e facer unha acumulación no Outeiro Grande, os veciños que hai en Muras non se van quedar sen auga como insinúa, auga para consumo humano. O mesmo ocorre co Centro de Saúde, presenta un escrito dicindo o que di Balseiro, non é técnico, eu tampouco, se o noso técnico di que as obras a executar son maiores, non lle competen ao Concello; por iso lle pido que colla o expediente, pregunte e infórmese.

Toma a palabra o Sr. Rouco Rey para indicar que agora coas novas técnicas todo queda gravado, antes non se facía, solo o transcrito polos secretarios. A transparencia mellorou bastante xa. Polo dos contratos volvo atrás, ¿como se facían os procesos selectivos?. Outra pregunta é ¿como atraemos poboación a Muras? ¿que facemos? É complicado e espero que entre todos o resolvamos. O PAI tamén é por aproveitamento dun local, agora para que peche o colexio hai que pechar dúas instalacións, non somente unha. Para Muras sempre hai trabas, volvo ao de antes, como se facían os procedementos, había selectividade, como embaixo, dicas que pasaban todos, non é verdade, pasaban os que dicía fulanito, os que non iban ao rego, non. A Aldea ¿como utilizala? Hai ideas, aquilo haino que sacar da parálise, hai un procedemento que nos impide tocar moitas cousas pero hai outro que o temos que continuar.

Falando do da auga, as obras todas que se executan, cursos, charlas, en cuestión de xornadas hai días que podo arreglar o traballo do Concello nunha hora, pero hai sábados e domingos que podo estar aquí dez horas, ou tardes enteiras como agora co Trail.

Intervén a Sra. Chao Ramil para indicar que os socorristas non están subvencionados, non os hai coas condicións fque se piden na Orde, á deste ano imos renunciar como xa se fixo o ano pasado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para indicar que non estamos obrigados a telos polo tamaño da piscina inda que si os hai. Este venres temos unha observación dos ceos de Muras, na escola do Viveiró e estades todos invitados. Se hai algunha pregunta...



E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levantou a sesión as vinteunha horas e seis minutos, da que se estende a presenta acta que asina comigo, de todo o que, como Secretario Accidental, dou fe

